

AMERICAN HONEY

[Andre Arnold, 2016]

389

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 6, 11 e 19 de xuño | V.O.S.E. | +16

American Honey (2016, 163')

Dirección: Andrea Arnold

Guión: Andrea Arnold

Elenco: Sasha Lane, Shia LaBeouf, Riley Keough, McCaul Lombardi, Arielle Holmes, Crystal Ice, Veronica Ezell, Chad Cox, Garry Howell, Kenneth Kory Tucker

Son: Aymeric Devoldère

Montaxe: Joe Bini

Vestuario: Alex Bovaird

Dirección de arte: Lance Mitchell

Música: Irma de Wind, Clarence B. Hutchinson

Fotografía: Robbie Ryan

Produtoras: Parts and Labor, British Film Institute, Film4, ManDown Pictures, Maven Pictures, Protagonist Pictures, Pulse Films (Reino Unido)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Cumbres borrascosas, 2011

Fish Tank, 2009

Red Road, 2006

Wasp, 2003 [curtametraxe]

Dog, 2001 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (Premio do Xurado),
Sevilla 2016 (Mellor fotografía), British
Independent Film Awards 2016 (4
nominacións, incluída mellor filme),
BAFTA 2016 (Nomeado a mellor filme
británico)

SINOPSE

Star, unha moza adolescente, deixa a súa disfuncional familia para unirse a un equipo de venda de suscripcións de revistas, que percorre, vendendo porta a porta, o mediooeste estadounidense. Axiña se sente a gusto nese grupo de mozos, ao que tamén pertence Jake, e adopta o seu estilo de vida, entre veladas bañadas en alcol, pequenos delitos e historias de amor...

«Cinema audaz e cativador
cunha banda sonora que
ameaza con non desaparecer
nunca da túa cabeza»

Barry Hertz, THE GLOBE AND MAIL



“A maxia ten lugar no momento da rodaxe”

Entrevista con Andrea Arnold

De onde che veu a idea de realizar un filme sobre vendedores a domicilio?

Hai moito tempo lin un artigo que falaba desta xente. Estaba eu en País de Gales, e de inmediato pensei que sería interesante. A idea volvía sen parar á miña cabeza. Naquela altura non cheguei a concretala. Nesa época púxenme a facer *Fish Tank* (2009) e logo embarqueime en *Cumbres borrascosas* (2011) co que estiven un tempo obsesionada con ese libro. Se non fora por iso seguramente tería feito *American Honey* antes. Cando unha idea non me deixa sinto a necesidade de filmala.

Ese tempo de xestación foi proveitoso á hora de facer pesquisas ou darlle forma aos personaxes? *Cumbres borrascosas* retrotraeume a un período sombrío da miña vida. Ao rematala precisaba un tempo para respirar. Aproveitei ese tempo para coñecer máis a fondo os Estados Unidos. Fixen viaxes, pescudas, encontreime con equipos de venda a domicilio. Non había urxencia algunha, tomei o meu tempo en apreciar as experiencias e concertar encontros. O proceso foi longo, pero coido que necesario. Sentínme cada vez máis

conectada con América durante ese período.

... Para poder capturar mellor a esencia desa mocidade americana, o seu sentido do idealismo e a súa busca de conexión, xustamente, en lugares ás veces moi illados... Si, conexión é a palabra xusta. Descubrir o motor destes mozos que se botan á estrada para deixar o seu cotián sedentario.

Hai unha verdadeira enerxía de grupo, unha alquimia colectiva no equipo. Facías moitas repeticións antes de filmar? Detesto as repeticións, co que non hai case ningunha. Non me gusta cando un actor se prepara moito. Iso non é un problema cos actores debutantes, a maioría neste filme, pero para aqueles máis experimentados pode ser desagradábel. Mais é así como traballo. Porque cando un actor se prepara moito perde a frescura, a espontaneidade. O actor pensa en lugar de estar. Para min a maxia ten lugar no momento da rodaxe.

De maneira sistemática outorgas total confianza ao instinto e as túas rodaxes son verdadeiras aventuras. Durante a rodaxe vivimos en furgonetas. Todas esas paradas nos parkings, nas estacións de servizo, facían tamén parte da nosa vida real. Sasha [Lane] dicíame que ela vivira a rodaxe como unhas vacacións de verán, unha experiencia digna dun campamento totalmente tolo.

Gústache traballar desta maneira cos teus actores, compartir o seu cotián, vivir con eles e crear unha

intimidade... O filme non se podería ter filmado doutra maneira. Non tiñamos escolla. Todo o mundo estaba presente no lugar, todo o equipo compartía o mesmo tempo. Partimos en ruta, todos xuntos. Quería que fose unha experiencia única para todo o mundo, eu incluída. Quería que fôsemos unha verdadeira familia, e tal e como ocorre nas familias algúns días tivemos pequenos dramas, que axiña se resolveron. Coido que todos habemos manter o contacto. Eramos un grupo enorme, como en *Mad Max: Furia en la carretera* (George Miller, 2015).

A música ocupa un lugar importante na identidade do grupo. Recrea a esperanza, o fogo que arde entre eles. En *American Honey* cada fragmento devén un elemento narrativo tan importante como os diálogos. Como constrúches a banda sonora orixinal? Pois da mesma maneira que o resto do filme. Foi un traballo en grupo. Cadaquén puxo o seu grao de area. Ao comezo eu tiña varios temas e na propia rodaxe os actores propuxéronme cousas diferentes. Todo o mundo se implicou. Mesmo cando eu non solicitaba axuda algunha eles víñanme ver para que escoitase un determinado tema. Por exemplo, Sasha escolleu a canción da última escena e finalmente deixei na no filme. Cadraba perfectamente. Foi unha compilación realizada en completa colaboración.

Publicado en lebleudumiroir.fr
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



**Abónате
e ven sempre
por**

4,5€

**Faite
NUMAX!**